

# A·N·S·A··TERRA

BOLETIN DESENAL

Idearium da Irmandade da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

PREZOS DE SUSCRIZON

Na Cruña ó mes, 40 cts.

Coste dun núm. 15 »

Fora, trimestre, 1'50 pts.

América, id. 2 »

Pagos adiantados

Redaición e Administración: PASEIO MÉNDEZ NÚÑEZ (Irmandade da Fala)

Número 83

A CRUÑA 15 DE MARZO DE 1919

## COMENTARIOS

### E perciso acabar con tanta vergoña

Dendes que por todos é sabido que a cencia dos menistros da nosa Facenda s'encerra en apertar dia tras dia os cravillos dos contribuyentes; dendes que pra ninguén é desconecido que o Estado hispánio está ainda por costituir e que a cacicada noxenta e infamante é a verdadeira materia da sua aglutinación; dendes que o gran Costa escolleu como meio de salvar Hespaña "la cuelga general de los caíques", de maneira tan maravillosa gráficamente recollida polo noso artista insine Alfonso Castelao n'a caricatura d'*El Sol* e que tén por letreiro "O único remedio", pensamos qu'é vido ó dia das grandes e necesarias operacións...

Fai moi pouco tempo que o sangue do pobo regóu as ruas d-a Vila de Ferreiro, as aréas da Ponte dos Cás (Nebral), ó lousado d-a Igrexa d'Osera, e, como polo visto non estaba satisfeita a criminal voracidade do "Mónstro", mal-dito, foi perciso xuntare con aqueles os martirios de Granada, Narón e Sofán...

Cales seguirán a éstes?

Non podemos nin queremos saberlo. Abóndanos o pasado e o presente pra pensar na forza q'hai q'empear na defensa das liberdades a coto asoballadas polas pezuñas dos caíques vampiros.

Lembro con pracer imenso que no seu discurso da Semana-Regionalista celebrada elqui en Santiago, entr'outas admirables afirmacion, faguía esta o Sr. Ossorio: "La favorosa cuestión del caíquismo español, debemos plantearla así: o nosotros acabamos con él, o él acaba con nosotros..."

Os melhores tratadistas das custições económicas están d'acordo en reconecer que, pra rematar d'unha vez có sistema parasitarlo-caíqu que fai d'Hespaña un címitero, é mester ir de frente, en líña recta, ó Presuposto de reconstitución, levando a é', toda a cantidade de que sexa percisa, pois tendo o noso país forzas d'abondo pra realizar, resulta inútil, e embaucador e até criminal o procedimento seguido...

Os nosos mañadados políticos endexamais, esceutuando a Cambó, fixeron nada que mereza a pena de sere nomeado.

Si non fora que están xogando ca sorte

d'Hespaña, sería pra tir cos arlequinescos equilibrios por aquéles feitos aproposito d'aprobacion d'unhos Presupostos sin bases e sin nada. E decimos esto porque non é posivel que se pretenda facer pasar por tales, o "maremagnum", de rúmaros que non responden a ningunha das características elixidas pola cencia: "sinceridade, publicidade e prevision".

Conocen esto todolos hispánios que saben ler; descorócenlo, ou mellor dito, convenlle desconocelo, á tálfa dos oligárcas que nos desgovernan desde Madrid.

### O primeiro madrigal

Nun curruncho do Olimpo, certo dia  
que o dios fillo de Venus e de Marte,  
inda neno e sin xeito no seu arte,  
no manexo do arco se impoña,  
botou man de unha frecha afiada e forte  
e ó ceo a dirixéu tan por dereito,  
con tan cativa sorte,  
que, o caír, encravóuselle no peito.

Amor, de amor ferido,  
quéixouse de dolor cun jail sentido,  
agre e dóce, ridor e lastimero.....  
¡E foi este salayo de Cupido  
o madrigal primeiro!

RAMÓN CABANILLAS.

En Hespaña o pobo está por riba dos políticos, e éstes coma certas estátuas, ten bran sóbor dos "escatos", que por más tempo non poden resistir o peso de tanta ilegalidade e de tanta porcada.

"Triadas, milicias triadas,  
Que levades os tres fios... e perciso acabar  
con tanta vergoña.

Que serd d'Hespaña sinón se desprende da tálfa do vampirismo caíqu?

Centralismo ou Rexionalismo?

O natural desenvolvemento dos feitos enxelados na cadáxa sin termo dos séculos, prodúz en virtude de reaúcions sociez, o renacemento de doutrinas esquenidas que ós ollos da xente vulgar eran considerados na categoría de cousas mortas.

O rexionalismo non podía ser alleo a tan natural proceso, e d'ahí nace percisamente a sua odisea a través dos tempos. Preponderancia e grandes adeuptos n'uns; marasmos e decadencias n'outros.

A xeneración presente padeceu o centralismo mais asoballador, mais tirano e mais ruivo; era natural qu'en compensación assistise a descentralización mais fraca e mais forte.

Os tempos atuais son de liquidación. Os valores do noxento e bárbaro centralismo están en completa bancarrota, e cego será quem non vexa na protesta d'hoje a morte dos antigos sistemas.

Hispánios! As aas do móucho rozan a cabeza de todolos caíques. Pra elles non poderá haber salvazón porque os seus crimes foron contra a esistencia da Patria.

O rexionalismo que é amor e está dando as mostras mais grandes de sacrificio pola libertad dos pobos, aparece cheo de fé e co empuxo que dona o entusiasmo, tollerá pra sempre, os movementos da Besta fera e pezofinta, hoxe representada polas oligarquías outas e baixas.

Por ninguén que se gabe de patriota no verdadeiro senso da palabra, poderá esquecerse o esforzo feito polas Irmandades da Fala pra retér, conservar e perfeucionar os idiomas pátreos, e con eles os amores ás cousas da terra, os agarrimos polas tradizons rexionaes, a sant'oución pra todo valor propio...

Pols ben; todo iso con ser tanto, é medio único de faguer elementos pra unha Patria grande, pra unha Patria consciente de forza propia e dona dos seus destinos, pasmarse! era considerado polos nosos homes públicos coma labor de "separatismo criminal".

Que diremos a isto? Responderemos con palabras de Alvarez del Bayo e de Pérez Solís: "Necesitaría—di o primeiro—páginas enteras de *El Sol* para contar los atentados de La Chica... "En muchos números de *El Sol*—afirma o segundo—no cabían los desafueros de Alba".

E pol a nosa conta e ausoluta responsabilidade afiadiremos:

## GRAMATICA GALEGA

### VÉNDESE na nosa ADEMINTRAZÓN

PREZO 50 CÉNTIMOS

Que en tod'olos números até agora publicados por *El Sol* non poderían caber as *cousas* feitas, consentidas ou protexidas por García Prieto, Gasset, Chapaprieta, Bugallal, Moral de Calatrava, Besada, Aznar, Luque, Royo Vilanova, Ortega Munilla, Alcalá Zamora, é en xeneral, por cantes mediátizaron a política española dende a restauración até os nosos días.

Hespañía hoxe resalta contr'ocaciquismo a qu'analfabetizou, e materialmente a empobreceu, chegaría a desaparecer sinón s'organiza pra barrer coa escoba da limpeza pública a miserabre táifa dos políticos que sollo pensaron n'ela pra'esprotar.

E agora perguntemos: Ant'este cadro, haberá quén dubide en seguir os rexionalistas? Santiago, Marzo de 1919.

FRANCISCO VÁZQUEZ ENRÍQUEZ.

## CARTA ABERTA A

D. Xaime Solá

Nou era o noso pensamento, Sr. Solá, recoller os seus artigos do *Faro de Vigo*, polos dito neles por vostede xa estaba por de diante contestado nas nosas conferencias.

E pasados os días é vella xa toda resposta mais alguén dixonos qu'aínda serodio era percluso un comentario.

Doéronnos, S. Solá, os seus artigos contra os rexionalistas galegos, polos a volta de molitas loubas ás nosas cativas persoas, as inxusticias por vostede ditas contra o agro, os labregos y-a nosa fala amostran unha fondísima incomprensión dos problemas vivos, do espírito de cultura, e da vital idealidade que xermola nos pobos, sendo un críme contra Galicia.

Dóenos que un home como vostede que se di home da cidade, home de cultura, empregue ideas mortas pra abalar os nosos ideás. ¡Non vé Sr. Solá que como vostede, e do mesmo xeito falan contra nos os avellentados segredos dos Axuntamentos? Qué tristura o ver, señor Solá, que vostede pensa como pensan os políticos galegos ausentes de cote da realidade galega!

O tempos das surrisas diante da delor, e de s'encoller con desprezo diante da verdade xa pasaron. Esqueza, Sr. Solá, as cativas ríñas y-as pequenas xenreiras, e pójase no verdadeiro camiño da vida.

A fala galega sino d'incultural E dio, vostede de Sr. Solá, que polas aldeas anda escurriendo a-y-alma galega, vostede que non pode facer novelas galegas sin xiros e deixes galegos, e sin falar en galego (un galego seu) ós peronaxes, vostede que se asomou ó curazón de Noriega Varela, o grande poeta do agro, e non pudo comprehendelo xa que non pode amar a expresión tan galega do seu arte!

A fala galega sino d'incultural Y-hai na provincia de Pontevedra (1917) un 90 por 100 de quintos que saben ler y-escribir, e na de Lugo 81, cando en Toledo somentes hai un 68 por 100 que selpan ler y-escribir, y-en Avila 77, y-en Cuenca 77, y-en Madrid 85. E nesas deradeiras provincias ben se fala o castelao, señor Solá. ¡Non sabe vostede que as rexios bilinques españolas son as más cultas?

A ciudade y-o agro! Como doe a cegueira d'un home que coida vivir no século vinte! ¡Cómo doe o desengano de ver a homes que se din artistas, tan leñados do seu tempo, sin sentir o tanxemento de modernidade que latexa no nacionalismo! ¡Y-eis vostede, Sr. Solá!

Cómo lle facer ver a quem está cego frente a Natureza, que do agro ven o sangue novo e forte que traballa nas cidades, y-as impresións de cote novas que teñen alcesco o espírito? Xermola a vida nos campos, e pobre nas cidades, y-a recolleita dase nos campos e nas cidades. ¡Non se decata Sr. Solá? Tíña ollos e non soupo ollar, tíña euvídos e non soupo ouvir.

¡Pra a cidade non ten importancia o nacionalismo? Podería ser, mais non é. O comercio, a vida económica é cantidade e calidade. A cantidade en toda-las partes do mundo é d'un xeito, pro a calidade non. As relacións dos numeros, as matemáticas son galegas, como noruegas ou xaponesas, mais a calidade é de cada terra, Sr. Solá, y-a calidade dos frutos galegos é somentes nosa e ben nosa y-as necesidades galegas son excepionais, características nosas y esto impórtalle á cidade coma o agro.

Fálanos da nova Pedagogía, o Sr. Solá. ¡Qué vellas son as súas novedades! A nova pedagogía cada vez atende mais a posír os rapaces en xuntanza co medio en que se crean e lles interesa en armonizar o seu espírito co-as cousas y-as persoas que ten á vella (Hervet Natorp).

Que nós pensamos en castelao cando queremos falar en galego! Nós pensamos como todos os homes pensan, nin en galego nin en castelao, pensamos en humán. *Homines sumus*. Mais o noso corpo formouse na terra nosa, y-está cheo d'impressions e de lembranzas galegas. Pensamos en humán e queremos falar en armonía co'a terra que nos sostén e c'os homes qu'están mais preto de nos. ¡Qué sínxelas son as cousas, Sr. Solá, si as ollamos con amore!

Dóenos, Sr. Solá, que vostede fale do agro e dos labregos con desprezo, que vostede poña aldraxes e xenebra onde nos pomos amore, que vostede se detetia nas cativas miudezas a carón da nosa idealidade, que vostede non pase da codia cando o nacionalismo vai ó cerne.

Non se decata, Sr. Solá, que o noso rexionalismo é unha Irmandade? Que nos, y-os de Cruxia seguimol-o camiño na más fonda cordialidade. Pol-o camiño lmos loitando pola

libertad da nosa terra, e da nosa fala, pra abri-lós carreiros do mundo ás vivas realidades qu'en Galicia esmorecen asoballadas polos que como vostedes Sr. Solá, coidan que non hai mais mundo admirabre q'o mundo madrileño nin mais vida qu'a que saíe forzada polos belzos.

Temos os nosos ollos postos nos irmáns d'América e queremos facer pra eles unha patreira forte, nal d'outros galegos que cando lles cumpra saltar a precurar a súa vida leven o amparo d'una Galicia grande ben galega, e d'una cultura fundamental galega e fundamental universal.

Decátese, Sr. Solá, de que non somos nos os que falamos, senón unha aspiración, unha cobiza de vivir, a que s'affirma en nós, e somos a proba de qu'hai unha nova Galicia que quiere ser galega. Traballe vostede ó seu xeito, mais non se poña vostede a veira dos que forzan impedimentos a todo libre e novo traballo por Galicia.

E colde, Sr. Solá, que non pedimos agarimo nin axuda, senón somentes camiño pras realidades novas, que nós representamos, en nome das cidades que miran ó porvir, y en nome do agro, fogar da Galicia eterna.

Seus

Losada Diéguez, Vicente Risco,  
Arturo Noguerol

Ourense, 919.

No *Faro de Vigo* tense publicada esta carta. Nós reproducimol-a porque é lumiosa e porque leva a firma de tres ilustres rexionalistas irmáns nosos.

Dispóns do dito, un consello: hai duas crás d'enemigos; os que teñen persoalidá, cultura e prestíxio, e os que carecen de todo isto completamente. Para os primeiros, respeto e consideración, coidando rebatir de cote cantos argumentos fagan públicos contra da nosa patriótica actuación. Para os segundos o silencio, cando non o desprezo. E enti'os segundos fíca Ise Xaimiño, que só poden agarimar os devotos do bombo mútuo que gustan d'ollaren o seu retrato, c'unha ristra de gabanzas ó pe, nas revistas ilustradas.

A mentalidá e a idealidá de Xaimiño son conecidas d'abondo por tódolos escritores galegos. Responder inda que sexa despeitivamente, ás suas parvadas, é facerlle un honore, e darlle de xeito graciosos unha persoalidá inda que sexa negativa. De maneira que Xaimiño morreu para nós. Que o enterren nunha caixa branca com os párvidos. Tangan as nosas campanas en ripón que o mesmo que no sepelio dos neníños. ¡Proibido! Rube, rube cara ó limbo. Era un disgraciado. Un trouleiro das letras. Pudo chegar hasta o A B C... Siñoritos literatuvelos cursis da Galicia a quen él loubou... ¡chorade!

## ○ MIÑATO ○

Conto de Eça de Queiroz

Un dia un home entrou n'unha casa arruinada. No portal havía un nicho con un santo de pedra, que lía unha Biblia, tamen de pedra. En redor, na beira dos tellados, nas fendas das pedras, no canto do nicho, havía bervas molladas e verdes, e níños de andurriñas. O santo tíña sempre as suas palpebras de pedra descidas sobre o libro sagrado. Pasavan as

cavalgadas, os enterros silenciosos, os nolvidos, os cortejos, a pompa dos regimentos, e o santo lía atentamente o seu libro de pedra.

Víñan defronte a danzar saltimbancos, pasavan as frescas serenatas, víñan dos montes rebafios e celfeiras (segadoras); o santo tíña os seus ollos de pedra sobre as páginas inertes. As devotas, lentas e desfallecidas, bicávan-lle

os pés nus, os homes severos saúdavan-o, as criaturas ollavan-no con os seus grandes ollos inanimados, os cás ounearan-lle á calva: o santo, curvado, seguía o espírito de Deus por entre as letras do libro.

Pasavan os fardos, os mercadores crestados pola industria, os poetas lánguidos que desfalecen nas canzonetas, os histriões que ca-

tan nos taboados, mulieres mais preciosas que o ámbar, os sabios, os mendigos, as virtuosas e as melodramáticas:—e o santo lia o seu libro profético.

Ora as torres gloriosas, as bandeiras, os cláustros—ais de follages—os homes, perguntavam entre si:—“Que lé tan atentamente aquel santo, que nin siquera nos olla?”, E os enxurriños (chuvascos), que pasan rosmando, díclan:—“Que lé tan devotamente aquel santo, que nin siquera nos escolta?”

Ora o santo lia así. Sempre, inda de noite, cando as bandeiras caén de sono, cando os homes están cheos de comida e de inercia, e a lúa, que ao nacer é material e metálica como unha moeda d'ouro, rrova, despois, na suavidade do azul, é tan pura, tan casta, tan inmaculada, tan consoladora, como unha chaga de Cristo por onde se lle vise a alma. A esas horas, unha criatura, tan probe e tan esfarrapada como o antigo pastor S. Johan, vívia deitarse junto do nicho do santo. E entón, o santo afastaba un pouco o libro, e toda a noite ficaba cobrindo, con a grande lus dos seus ollos, aquela criatura miserab'e, adormecida sobre as lages.

Despois os planetas, a lúa, a noite seguiam a sua viage inmensa pra o oeste, e a leste comenza unha claridade: eran as hesitacions da luz do dia, medrosa por ter de descer ás miseras dos homes.

As bandeiras ainda estavan desfallecidas, soñavam as ávores, a cibdade dormía como outr'ora Sodoma.

Acordavan entón as anduríñas. Esvoazavan glorioas, gritando, e vífan se fregamente, en tumulto, e pousavan-se no nicho.

As anduríñas estavan nas intimidades e nas confidencias do santo.

Ora o vento, que pasa polos campos e polas eiras, ven cheo de grão e de sementes: a chuva cás lúcida e fresca. O santo aparava a chuva nas pregas da capa, e os graos nas páginas do libro. E as anduríñas, cando vífan para o nicho, bebián na capa do santo e comían sobre a Biblia de Deus. E en canto com'an e bebián, gritavan, batian con as ás nas barbas do santo, bicavan-se na sua boca, ansiavam-se entre os brazos, cobrián-no todo; e o sol, cando chegava, ficava maravillado de ver aquel probe santo de pedra, que él non conocía do Paraíso, con os pés entre hervas verdes, rindo, sereno, sob a luz inmensa, e todo vestido de asl!

O home entrou na casa arruinada e foi, através de pedras esverdeadas, de grandes humedades que escorrián, de madeiros apodrecidos, de murallas leprosas de musgo, de escadarias miserabres, até unha sala enorme, escura e trágica, e tan alta, que involuntariamente o ollar procurava as constelacions n'aquela sombra.

No fundo da sala havía un grande crucifixo de madeira. Sobre a cabeza macerada do Cristo, as trevas podres do teito abrián unha longa fenda. Por aí, víña a chuva escorrer lle nos cabelos como o antigo suor do Horto das Oliveiras, vífan as saravias magoal-o como

as pedras da pasión, víña o sol aluminalo como a tocha de Judas, e a lúa víña, tamen, tornal-o mais livido, como n'aquela noite en que él, despois de ter visto a gente soluzante descender para Jerusalen, sentiu pousar na sua cruz un rouxiol que toda a noite cantou.

Sobre a cabeza e sobre os brazos do Cristo havia teas d'araña; en balxo, os ratos roían-lle a crux.

Entón o home sentiu que aquel seo costelado, e aquela boca, d'onde lle saiu a revelación do amor, do perdón, e da alma, tifian o pó, a podredume, a caliza e os bermes; e que, un dia Cristo, vendo o home aflicto e miserabre, lle tifia arrancado da alma o mal, non era moi que o home, atopando a Cristo abandonado, profano e roldo, lle limpase da cabeza as arañas. Mas, cando iba a limpára a imagen, viu, sobre a crux, junto da mau pregada, un mifiató enorme. O home, con as maus quixó arredar o mifiató.

E a ave, entón, con a antiga voz dos animaes da Biblia, do Apocalipse e dos livros dos profetas, di surdamente: “Home, deixa a crux sosegada.”

A través das fendas vían-se os astros sagrados. E o mifiató batendo as as, dícia: “Deixa a crux, deixa! Non teñas medo que apodreza. Aló en riba lucen agora as estrelas, soles, planetas, escintilacios, carbúnculos. E o pó dos Deuses mortos. Todos se finaron, histriões ensanguentados, e a sua farsa acabou en desterrrios. Morreran vellos, expulsos, esfameados e nús. Este ficou, solitario alumeando. El perdoou en canto os outros loitaran, él amou en canto os outros choraran: por iso fica en canto os outros pasan. Deixa. Esta cruz, que é de madeira, vale tanto como as que aló en riba fan os raios dos astros, ou no silencio dos mirtos douz ollares ben-amados. Deixa as arañas, o pó, a caliza, os bermes, a neve, a geada, o apodrecemento. El pode ben dar ás arañas o seu corpo de madeira, pois vos dou a vós o seu corpo de carne, a vós, que pregaeis con o mesmo riso e o mesmo esquencemento os mortegos no alto das janelas e o Cristo no alto dos montes; a vós, que lle vindes limpá os cabelos de madeira despois de lle ter arrancado os cabelos vivos; a vós, que queredes lavar as nódoas que él ten no peito, e non vedes as inmundicias que tendes na alma. Todo o que él creou, o amor, o ideal, o perdón, a fé, o pudor, a religión, Deus, todo aquel evangello da vida-nova anda pol-o mundo, tan desgregado, tan cuberto de bichos, tan inmundo como o seo d'esta imagen antigua. A materia, o impudor, o apetito rudo, o odio, o aviltamento, o tráfico, a miseria e a penaldade, andan sujando a tua alma, oh homem como as arañas andan sujando a cabeza d'este Cristo. E non reparades, e non vedes, sobre os espíritos, sobre os corazóns, sobre as conciencias, o pó, a caliza, o caruncho, os ratos e os vermes!

Si, é verdade: todo é magnífico e san, é bendito pol-o sol. As cibdades son limpas e ciadas, só as conciencias é quén ten nódoas; as prazas están cheas de iluminación, só os

corazóns é quén están escuros; os cáns están arejados, só os espíritos é que sufocan; os corpos están sans, só as almas é que andan nús, miserabres e leprosas. De resto tendes o riso, a farsa, os paraíso artificiales, as arcas venas, e tamén o esfriamento do tumulol Oh amigos intímos dos vermes, como vos cuidades do corpo e o lavades, e o amaciaes; e o engordades para o pasto da escuridade das cáravas!

Home, que fixeches da tua alma? Ao principio non era conocida, despois foi vendida: despox foi apupada; ti modernamente, juzgaste mellor mortal-a, mas non certamente de cansancio con viage a Deus! Déstelo despedazar á negra matilla do mal. En compensación guardaste o corpo: para ese unha religión, un asilo forte como o sol, os sete sellos da lei e a escolta dos reglamentos. Ese é o sagrado o inmaculado, o pontifical, o vitorioso. Prohibición a Deus de lle tocar. Pra eles pazos, cortellos, serrallos, estofo, pedrarias, o sol e a iluminación dos astros. Para eles a inviolabilidade: *Non matardis.*

Comenzarán entón as cruces a ficar desertas, os cepos a encherse de musgo, as forcas a apodrecer nos camíños. Nós os mifiatos, e os nosos camaradas, os buitres, pra quem ja non había corpos nos despeñadéros, ladróns arroxeados pela corda, afogados disformes, deixamos os grandes montes e os ríos, as vastas tradicíos do sangue, e vífemos para vivir, aceitar, como os capós, a domésticidade nos parques resplandecentes, ou andamo-nos mostrando aos imbecis, pelas feirias n-unha gatola! E as aves da noite, despois de teren visto a natureza inmensa, as aflicciones do vento, as nupcias do mar, de teren lottado nas tempestades e insultado as estrelas adicáñense modestamente a comer bichos no saguan dos burgeses! Eu, que tifia estado entre a forza, quixen, ao menos, ficar entre a gracia. E despois de ter vivido na noite de Deus, quixen ao menos, morrer na madrugada de Jesús! E, entretanto, a alma morre esmagada e solitaria, e a grande vida moderna, a vida do sol, da música, dos metaes, val, entre fulguriosos, pisando e cuspidos n-aquela causa miserabre. E ainda está quente o sangue de Jesús!

Home, que fixeches ti do pensamento? Anda expulso, perseguido e subíme, como un Deus antigo. Cravaste-lle no seo as setes dóres. Coube-lle a dó e o escarneo. E necesario que, as cibdades, os pensadores e os artistas extáticos sofran e sanguen: os trunfos dos homes da materia son os dos antigos emperadores; só son completos cando pasan entre torturas. ¿E quien havía de pasar sobre a escea moderna da pasión, serón os que tiñen alma?

Aman, sofocan, caén, agonizar, e mentras tanto val pasando a corte dos vitoriosos e reluentes, e as suas bolas sin-se d'aqueles corazóns, como os botóns d'ouro das suas camisas apupan a luz dos astros.

E os que quixeran vivir e tuveran a alma grande, bella e heroica, tifien de se baixar a estatura burguesa e mercantil dos cerebros modernos. Os deuses olímpicos, si non se

# O DIPUTADO por VEIRAMAR

## NOVELA por Gonzalo López Abente

### Ademá tense pedidos

deixasen ajuzadamente finar nas florestas anti-gas, terían de se empregar nas secretarias. O soberbo pavo de Juno viviera nun pombar dos arrabaldes. Homero sería localista. Os cavaleiros andantes roubarian lenzos nos ajuntamentos, e o trágico S. Jerónimo sería presidente d'unha junta de parroquia. D'este modo ti aceitas a arte, o pensamento, a alma. Non, arte, non te vas; a vida moderna darache unha libréa resprandecente; ven, música, ti creaste a Alemania, facerás unha contradanza; ven, arquitectura, ti que déste hospitalidade a Deus, facerás unha estufa; ven, escultura, ti que fixeche o povo dos deuses, oh bella escultura! ven facerme unha gaveta. Oh! tristes domesticidades do ideal.

Houbo un silencio. Havia na sala un ar místico, como para a concepción de un Deus.

O mifato esvoazaba. Ouvia-se o chorar d'unha frauta. E o ollar de Cristo errava, contemplativo e atento, entre as estrelas innumerabres, en canto na escuridade aos seus pés os ratos lle rofan a cruz.

"Vaixe dixolle o mifato. Os ratos roen a cruz, eu estou vello: a antiga geración das aves da noite vae-se. Os prégos ja se despregan, a cruz apodrece. E cando ela se desfaíga, atírarel o seu pó á grande natureza, ao elevar da lúa, que vale o elevar da hostia. Irei, oh meus Deus! para alem dos soes e dos camíños lácteos, onde as constelacions son gotas de sombra, certo—eu que son da vasta terra, o selvagen dos prados, a respiración dos astros, eu que son a palpitación dos montes—certo de que, se os homes non deran a cruz aos Cristos non lla dará tamén a natureza. E eu, que rofa os ósos verdes, tendo visto sempre Este que fixo o ben, que amou, que perdoou, pregado nunha cruz, irei tamén, entre os soes melo doldos, en, que desvastei, e matei, e escorri de sangue, crucificar-me nun astro!

Así falou, lentamente aquel mifato filosófi-

co e letrado, en canto as violas gemian, e os pobres tremian de frío; así falava, de cima d'unha cruz, nunha sala legendaria, longe das maravillas dos Cíns burgueses, nestes tempos lúvres, sensatos, verdaderos, magníficos, en que se non poden pôrse certas verdades na boca dos homes, teñen de se dependurar do bico dos mifatos.

#### EÇA DE QUEIROZ.

N. da R.—Cando unha lingua que se tivo en calidade de dialecto ó longo dos anos quere volver a trocar en idioma nazonal d'un povo—e isto socede agora na Galicia c'o galego—é perciso dignificado a empregándoa en temas universais e esquisitos. Pero hai moitos que non chegan a decatárense de tan cristiña verdade. Chamándose bos fillos da sua terra, siguen dándolle ó galego as caraterísticas de dialecto; siguen escribindo cousas de labregos en linguaxe de labregos, inda que se teñen por literatos e homes do seu tempo; siguen falando dos curandeiros, dos meigallos, facendo chistes doados e grosoiros a conta dos probes compatriotas que non queren falar o galego e din moitas borrhadas en xeito castelán.

A esos escritores do século pasado—pasados coma o seu século—recomendámossles unha das duas cousas: que deixen d'escriviren ou que escrivan como deben.

E pior escribir porcadas e grosoirias en galego que deixar d'escribir galego. Namentres nós loitamos por dinificar o idioma e eles empeñanse en afundirnos de novo na bastedade dialectal.

Onde non haxa orixinal comenente para encher folletos galegos reproducianse cousas dos grandes escritores portugueses. Esta é, de certo, a única maneira d'abrirllles os ollos ós trabucados e de levar por bó camiño a xuventude.

alma se abafe y-o espírito morra de fame. Conocen moi ben unha ética feita de concepcións cínicas e procedimentos maquiavélicos, por debaixo da cal corre a postema de toda-las abyecções.

Curros, querendo que na súa Patria abaneasen os ars de Europa, foi vítima da "máquina escura", que tira a perpetuare unha organización abominable e noxenta. N-aquel medio, ameñázabao este dilema: ou o cárcel ou a emigración. Non tuvo mais remedio que emigrar. Cantor d'unha nova eira de libertade e redención, espírito ateigado de ansias de infinito, o más influido pol-as normas políticas e as correntes ideolóxicas do mundo en aqueles días, o que incorporou a poesía gallega as ideas do Enciclopedia y-a Revolución francesa, facendo do numen unha fogreira e do verso un ariete, tiña que ser perseguido. Y-a persecución no deixou mais alá do mar. Tamén ali, entr'os fillos mismos da súa terra, os que arelaba redimir da ignorancia e d'unha imbecil fatuidade sostida na razón de catro cartos arrapiñados de calquera maneira, tuvo que seguir a batalla. Pro a loita era imposible, porque Curros non podía descender a terreos que repugnan as almas nobles, esgrimindo unhas armas tempradas nas mais baixas condicions dos homes. ¿Lembrades A Espiña? Aquél é o grito da súa alma ferida, o grito á peito descuberto, diante do enemigo, coa grandeza que levan sempre no peito os que levan na frente unha estrela. Pois aquel grito inda perdura, como un látigo restalante, n'aquela atmósfera da colonia gallega onde ainda oxe satisfán as súas concuspiscencias e apparentan ser persoas uns cantos granuxas e uns cantos desleigados, que fan almoneda, aldraxándoo, do nome de Galicia.

Curros foi morto na emigración. Pro morreu enteiro. E inda é preferible morrer en terra allea que vexetar na propia cay-alma castrada, tendo por toda idealidade unha panza satisfeita. O bardo rebelde dorme no seo da terra que tanto amou. Sólo de morta a súa alma pudo ter unha sorrisa agarimosa e branca...

ROBERTO BLANCO TORRES

#### ACONTECIMENTO TEATRAL

#### Estreno de "A man de Santiña"

Un grupo d'alumnos da sección de Declamación do "Conservatorio do Arte Galego", formado por fermosas e intelixentes señoras é por rapaces cultos da Cruña, xa coas ten romatado o ensayo da xenial obra de Ramón Cabanillas "A man de Santiña".

#### OS PERCURSORES

## CURROS ENRIQUEZ

Pra conocer ben a obra d'un poeta n-hay millor que saber da súa vida. A labor do xenio compreméntase pol-o conocemento do medio en que se desenrola e d'outras circunstancias que se refieren exclusivamente a sua actuación como individuo dentro das cousas cotidianas, nas que fica de cote un anaco da súa personalidade.

Este procedimento hay que aplicalo especialmente o caso de Curros Enriquez, cuya vida e cuya obra teñen un xeito paralelo e o fin fundense nun mesmo valor.

A característica principal de Curros é a rebeldía, tanto mais interesante e dina de ter en conta canto mais apreciamos as realidades do seu tempo. Entón, como inda agora, era unha señal de bon senso seguir a corrente e non profanar as normas imperantes en todolos setores nacionais c'unha idea nova, ou non perturbar a ledicia d'unha existencia dina da Beocia, c'unha actitude de disconformidade que foi sempre;

nós que chaman idealistas ou románticos, o comezo de grandes trasformacións universais. Oxe acontece esto mesmo, porque no camiño do adianto esta Península vai a forza, cando non pode recuar; pro os que teñen unha grande arela, os que soñan nunha Humanidade mais xusta e ceiba de baixas pasións, nunha Humanidade que fose cifra de outros conquerimentos y-espello d'exquisita e perfecta civilización, a esos xa non se lles cré, como denantes, xente inquisitoriable e perniciosa: oxe chámasselos boas persoas, compatibilizando os sonos da mente c'unha posibilidade de cualidades éticas aceptables: ¡Ouh a xente lista e sensata, como cheira a claudicacións e a pequenos ocultos feitos que se liscaron por entras rendixas do Código penal!... Cando falan dos tolos e dos exaltados lembranxe de que no rebaño panurxico, o sometemento os mais indinos convencionalismos e os métodos reptantes enchen a barriga, anque

Esta obra poráse baixo a dirección do mestre do Conservatorio, don Fernando Osorio, primeiro premio do establecimiento irmán de Lisboa.

"A man de Santiña," é un modelo de beleza, de finura e de poesía. Inda qu'escrita en prosa refexa tod'o espírito do gran poeta da raza. Mais que comedia—farsada lle chama o autor—é un poema cheo d'alma galega. O linguaxe enxebre, chega na obra a conquerir as maiores dozuras. E pol-a forma e pol-o fondo a obra do momento.

O notabre pintor escenógrafo Camilo Díaz xa ven pintando as decoracións para o estreno.

"A man de Santiña," darase a conocer primeiro na Cruña, moi axiña, e logo en Santiago, Vilagarcía, Pontevedra e Vigo pol-o intelixente grupo de siñoritas e siñores que pertenecen á seición de Declamación do "Conservatorio nazonal do Arte Galego".

## VERBAS ACESAS

*Por Correa-Calderón*

Se non somos galegos, que podemos ser?

Tendo unha língua nosa, debemos falar unha extranxeira que nos impón o centralismo?

Unha centella caia sobor do renegado que sinta vergoña da sua nai e da sua língua.

S'a xuventú galega fose forte i'olláse mais alá da serra, mais alá do val, mais alá d'hourizonte, estoncias Galiza sería unha nazón libre.

Mais, eisi seguirá sendo o Prometeo encadeado a sua historia, o seu atavismo, a sua vida...

Si ó noso alento mozo, apaixoad, rexo, unánime, si a nosa orientación nova definida, forte, fose secundada por toda Galiza, as cadeas de ferro crebaríanse ó primeiro impulso.

Tede odio e xenreira a aqueles que teñen

a pouta posta na i'alma de Galiza: Os caquies vitalicios.

Hai antre nos, antre «os bos e xenerosos»—que cantara o bardo celta—unhos cantos piollos.

Son os hipócritas, os insinceros, os que non sinten o noso alento, o noso ideal, os que veñen tras de nos com'os cas para que lle demos un codelo...

Com'os piollos debemos esmagullalos debaixo dos nosos pes...

E. CORREA CALDERÓN

Cantos queiran a Galicia, percisan conecer o sentimento e o pensamento do galeguismo. E iste sentimento e este pensamento soilo teñen reflexo puro nas follas de "A Nosa Terra".

Axudade, pois, decatados de que con Ilo facedes unha obra patriótica, ó sostentimento do noso boletín. Que o lean os vosos amigos. Propagádeo vós mesmos.

En "A Nosa Terra" escriben, entre outros, Banet Fontenla, Risco, Losada Díéguez, Vilariña, Noguerol, Cabanillas, Taibo, Vázquez Enríquez, López Abente, Correa Calderón, Quintanilla, Lence Guitián, Peña Novo, Castelao, Villar Ponte, Culebras, Cedrón, Rodríguez de Vicente, Rodríguez Elías, Porte Rey, Blanca Torres.

"A Nosa Terra" é o único orgo do nazonalismo galego e das "Irmandades da Fala". E o único boletín no que colabora tod'a a intelixualdá galeguista.

## Verbas d'un castelán

De Xulio Senador Gómez

Casi toda a carne que consume o interior ven da Galicia.

A cifra dos seus envíos medra subitamente en tanto diminulen os dereitos da importación sobor do malizo.

O intrés de Castela deberá, pois, consistire en que Galicia tivese moito malizo, e cada dia más barato pra que nos envíase molta carne e cada dia más barata.

Ollese emporiso o comienzo d'un artigolío adoecido que, como defensor dos intereses castelanos e do patriotismo castelán, publicaba o señor Matesanz en *El Progreso Agrícola y Pecuario*, do 8 de Xullo de 1914:

"Hachámonos ameazados de que se abra fronteira ás importazóns de malizo.."

Isto significa en bon romance: "Hachámonos ameazados de que Castela teña carne e Galicia teña pan."

Cicals por iso o Goberno fixo Director general de Aduanas ó señor Matesanz pra que ollase o xeito de impedir isas cousas tan ameazadoras.

O ano 1910 enviou Galicia ó interior 104.000 cabezas de gando con peso de 23.000.000 de kilos. Tíña importado millón e meio de quintales de malizo.

Rebalzadolos dereitos do malizo, en 1913, foron importados catro millóns de quintales mais.

Abondou iso solo pra que os envíos de carne, en 1914, ascenderan a trinta e tres millóns de kilos e os de 1915 a trinta e nove millóns.

Como o aumento significaba outra ameaza, según o que enxergue por ameazas o señor Matesanz, non faltou quien acudise a preconvenidos contra de ela.

O malizo, importado en 1915 polos concessionarios do Estado a 21 pesetas, era adquirido polos almacelistas en 23 e revendido en 25, carregándose ó mercado a suas diferenzas,

entramentras os tratantes acaparadores, tomando como base os prezos do matadouro de Madrid, rebaixaban o prezo das reses a 30 pesos por cabeza.

Non por iso baixou en Madrid o prezo da carne.

En troques o envío de 39 millóns de kilos retrocedeu a 33.

E xa indubidable que a abundanza da carne regulase polas entradas de malizo; e que istas, á sua vez, son reguladas, a capricho, polos trigueiros de Castela.

Entramenteles eles conserven a sua influenza non haberá endexamals pan; mais tampouco haberá carne; por que, para que baixe o prezo da carne tería que baixare primeiro o prezo do pan; e, denantes que iso, consentirían eles que España entrela se afundise polas catro puntas.

Algún pensarán cicais que tamén iste ausurdo e xenialmente castelán.

Mais non. Iste non o é.

Hai elquí duas Castelas ben diferentes: unha superficial e vislible; que é o esceario onde, en ledo alguefreo, cacarea a gavilla de farinelllos, propietarios e mercadores de trigo protegidos polos arancel; e outra encuberta e subterránea onde a raza apodrécese en perpetua escravidoute, abafada pola barbarie das leis, desvalixada pola cobiza dos trusts e levada a couces polos amos das terras.

Os amos son ducas. Os escravos son milheiros.

Castelán é o de istos: deixárese devorare sin resistenza polos tiburóns da industria e da propiedade, deixárese roubare en silencio, deixárese acorralare sin despegare os beizos.

O outro non é castelán, nin andaluz, nin catalán. E burgués semprento; en elo ningunha responsabilidade ten Castela, por que á Castela rela; á Castela das muchedumes fa-

# A MAN DE SANTIÑA

FARSADA en dous pasos maxinada por RAMON CABANILLAS  
ADEMITIMOS PEDIDOS

mentas i-esfarrapadas, o que positivamente lle importa non é que baxa un arancel, pra que valla caro o trigo; sinón moi ó contrario: que non haxa arancel sobre do trigo a fin de que o pan valla barato.

O mesmo que o trigo pr'ós castelans significa o gando pr'os gallegos.

Isa man de reses enviada ó Interior, representa a escravidume perpetua de 300.000 familias que vexetan miserabremente, encadeadas á terra allea, pra cebal-a carne que outro ten de comere; en tanto que elas deben de conformárense con pan de centeo; como os desdichados poboadores de Las Jurdés, ou con tortas de maíz melo apodrecido, como os seus propios gandos.

Ademais do dominio do seu chan necesitaba Galicia, pra creare unha robusta e verdadeira produción e pra renascere a cultura e a liberdade, trigo, ferro, carbón e petróleo baratos, franquiza pra os seus portos e lúa férrea da Costa que fose a empalmare por Pasaxes coa que entra no mercado europeo.

Mais en vano será que o pida.

Os seus caiclos impediránlle todo progreso porque tamén a eles lles importa que non diminúa a miseria pra que as vendas vallan caras.

Equí en Castela hai unha cousa horribel que chaman o arrendo; mais ali hai unha cousa tremenda que chaman o foro.

Sobor de todal-as terras pesa un foro.

Hai certa finca en Vera (a Crux), que ten de alarganza trinta e dous metros cadrados e pertence a tres donos. O primeiro e dono da única nogueira que a finca contén; o segundo e dono do dominio direuto do chan; o terceiro elo do dominio útil e paga ó anterior un foro de seis ovos ó ano.

Esti está ali a propiedade.

Logo os auguriados aldeans, que non poden sere comerciantes por falla de produción, nin industriaes por falla de camiños, nin gandeiros pol-o arancel contra o maíz, nin agricultores pol-o foro, atopanse na dura alternativa de tremar de cote baixo a tralla dos negregos ou cortare as amarras i-emigrar.

Por iso emigran a bandadas.

O que consigue xuntar catro cartos marca un pasaxe pra América, o que nin d'iso dispondrá axuntarse a outros compañeiros pra emprender o camiño dos chans a buscarse sega en canto apunta a canícula.

Pensando na penuria da inverna venen dispuestos a espírate de fatiga sobor d'estes sulcos acesos, que son a pesadilla da sua raza, e conocen, emporiso, cando eu persorciaba istas cousas, xentes cazurras e soeces que os acollían con desabrimiento en vez de descubriren respeitosamente diante d'aqueles homes dóciles e valerosos que, en busca de traballo honrado, chegaban rendidos de camiñaren a pe.

Eu ollel na mifia nfiez donarilles o pan duro; deixar pra eles o touciño con vermes i estafarilles a ración de viño recheando con pez as suas cantimploras. Olleños desfaleceré de sede e lavarse no pío dos cochos porque até pra os usos más correntes do aselo falláballes a auga e non se afoutaban a pedila.

Ollel mals. Ollel tragueren a algunos melo asfixiados do rastroxo.

Agora xa vello, vello cando, nas mifias excusións pol-a campía, olló un trigo que, indefenso, vai caído ó golpe das fouces esclamantes, zóame, sin querelo, nos ouvidos o "Bon cop de fals," e lembo unhos compases que en verdade me non ofenden, nin como-

castelán, porque a min me non ofende nin gunha aspiración de vida celbe.

Catalunya, contat grand, qui t'ha vist tan rica e plena...

mais cando torno os ollos á curtida e flaca man que move o corvo ferro ante as canaveiras, con resignada mansedume; e comparo a terce protesta das rexións favorecidas có mutismo e a pacenza das esquecidas non polo menos de sentir unha lastima infinita polos tristes segadores que conozo dende a mifia primeira infancia e, até que me sexa donable ofercerelles siquera unha espranza de liberación, deixo caere, como pregaria fraternal, sobor do terrazgo endurecido, por ollar si arralga e froitifica algúna vez, aquela magna estrofa de Rosalía Castro, mansa como unha súprica, tímida como un salalo

Castellanos de Castilla  
¡tratade ben aos gallegos!  
cando van, van como rosas,  
cando venien, como negros.

Xa rematou a sega. Xa se extinguéu o murmurio das cadrillas afanosas.

O lúgubre chan cincento, que outra vez, por mil partes, rachan os arados, recibe nas suas escúllidas entranas a ofrenda do semeador; e logo, baixo a friaxa da noite, semella contraerse intimidadado polos presaxios da invernía.

Xa fica o trigo nos feixes recolleito i-acchado mais non se oyen cántigos nin berros.

Cae do celo un silenzio punzante. Falla a ledicia.

Sábese que d'ise trigo non ten de faguearse pan.

Escomézase a fitare no ambiente a silieta fatídica da fame.

Solo baixo o letargo abafante dos lugares auguriados alenta con vigor e prosigue o seu traballo algo implacabre que roe sin cesar. E o verme da bancarrota que está preparando un derrumbamento.

Tamén ás veces, pol-a veira do mundo, semella percibirse o calado rumor d'unhas pisadas cautelosas. E a derrota que avanta.

Ollade, ademais, que fatales augurios ofrecese, a cada paso, a campía.

Sustanzoso alimento pr'ó verme da bancarrota son as pallizas árgomas d'islas ladeiras onde o trigo se da unha vez cada seis anos.

Visión profética do vencimento son Ias lindes agostadas onde os cardos axútanse, en formazóns reutilíneas, como avanzadas d'un exército invasor que se aprestase a non deixar os vencidos más patrimonio que os tristes ollos pra choraren a sua desventura.

Antre tanto os futuros arruinados dormen. Antre tanto os futuros conqueridos sofian...

Sofian coa illusión de todol os patans; có afan de todol os palurdos; có belo ideal dos nosos respetables propietarios.

¡Que non se troque nadal! ¡Que todo siga como se hachal! ¡Que pague contribución até o ar respirabre con tal de que paguen pouco as terras! ¡Que ó que pida más xornal o manden a cadeal! ¡Que poñan elqui gobernos de Sanchez Guerra pra mantel-o orden! ¡Que haxa respeito pra a propiedade! ¡Que haxa protección pra a agricultura! ¡Que haxa cada día, pra o trigo, más dereitos de arancel!

Mais ,non son istos os pantamas d'unha pesadilla?

Espertade, insensatos! ¡Espertade de uuha vez ou estades perdidos sin remedio!

(Do libro recién saído do prelo «La Canción del Duero»).

## IN MEMORIAM

### Curros, Chané e Pondal

O tempo non'os fai esquencer dos nosos ilustres mortos. A lembranza de Curros Enriquez, Pondal e Chané, finados en datas cercanas á de hoxe, vive nos nosos corazóns e vivirá de cote.

Curros e Pondal en versos inmortás, porque refrexan o sintire d'unha raza e Chané en melodías cheas de dozura e de deixe popular, fixeron e facerán que late xen sempre as nosas almas pensando na Terra.

Os de Curros, Chané e Pondal son nomes groriosos, nomes cheos de luz que alumean o camiño callado d'espiñas, acochadas baixo as rosas do entusiasmo e a fe, que vimos tripando os galeguistas; os que nos temos decatado de que, no trunfo dos ideáis do nazionalismo, alenta a liberta da patria asoballada.

Os fariseos que din amaren a Curros, Chané e Pondal sendo enemigos do idioma que eles idealizaron, nada teñen que facer n'estas datas de lembranza triste. E si os mortos groriosos volveran á vida, seguríños estamos de que farían tremar a tralla pondo roxas as costas dos que queren jimbéciles! unha Galicia sin galego, unha Galicia sin alma.

### Peneirando...

O cuneiro astorgán, que chaman diputado por Orsiúreira, fixo na *Voz de Galicia* unhas declaracíós sobre o ferrocarril da Costa.

Aquelhas declaracíós nos lembraron a fábula na que uns cazadores rifan por mor da pel do oso que inda non puideron cazare.

Gullón, reclama para si a iniciativa non sabemos en qué cousas relacioadas c'o asunto. Non quer que a gloria seña para outros.

Pero ja gloria de qué?

Isto do ferrocarril da Costa ten molta gracia. Sempre deu a casuallá de que se pechau as Cortes cando os "nosos" diputados se propoñen ser feras para consegullo.

¿E haberá inda algun imbecil que crea nos "nosos" diputados?

O ferrocarril da Costa coma muitas outras cousas, somente as abrangueremos c'un pouquchifo de separatismo.

E quen non se sinta separatista d'un Estado que no século XX nega un ferrocarril tan necesario, é parvo de romate.

■ ■ ■

Tamén é preto que debra picar no separatismo o do maíz.

Mentras se non concede polos Gobernos centralistas libertade arancelarla a Galicia para que polda traguer canto maíz lle seña percluso, o problema das subsistencias non terá solución satisfactoria.

Con cooperativas e demais palliativos, non se fará que os labregos alimenten o gando mais barato.

Mentras os labregos non disponen de maíz a elto, as patacas seguirán sendo para eles

un sustitutivo de reserva para a alimentación do gando.

Por beneficiar ós trigueiros castelás, ós señores feudales de Castela, Galicia ten esmagada a súa economía rural.

E da economía rural está pendurado todo na nosa Terra.

■ ■ ■

Por certo que ben amoca ós nosos labregos a Compañía do Norte.

A soba do custe do transporte do gando n'un quince por cento e as dificultades que para o transporte pon aquela Compañía en Galicia, son cousas que craman ó ceo.

Pero ¿qué se preocupa d'estas cativezas?

■ ■ ■

Certamente é vergonhoso que non teñan ainda mausoleos Curros e Pondal.

Mas ¿porque non'os teñen?

Pol-o mesmo que en Galicia hai poucos que sintan a Terra. E os que a sinten son probes e abondalles con facer sacrificios económicos e de todo xénero en pro de cousas vivas.

Traballar porque a concencia rexional desperte, é mais comenente e perciso que erguer mausoleos.

Supofiamos que Curros e Pondal teñen xa esprédidos mausoleos ¿E qué?

En troques si houbera moitos capaces de axudar á creación d'unha forte concencia rexional, xa veríades como logo farfanse bós mausoleos.

Curros, ten un monumento n'Ourense. Pondal morreu rico e os seus herdeiros tifian acordado facerlle un bon mausoleo.

Cartos para o mausoleo de Curros hai xa d'abondo.

Do manela, señores, que temos cousas más dinas d'atención que istas, pol-o momento.

C'os cartos que en xantares e en festas cursis levan gastado os picoreteiros en tres anos, poideron facer mausoleos esprédidos.

Ou sinón, con pidirille unha cantidá a cada cuneiro...

Pol-o demais, todo ven d'unha soilla doença: a falla d'amore a Terra, filla da inconsistencia, da ineducación, da incultura.

¿Non' o vedes craro? En Santiago vense or- gaizando unha gran velada en homenaxe a Julio Antonio, escultor catalán.

En troques ninguén all fixo nada por Portelo. E Portelo valía mais que Julio Antonio para Galicia.

Sempre o mesmo. ¿Qué se lembrou do

notabre pintor Taibo que acaba de se finar en París? ¿Qué se lembra d'Asorey, o gran artista, cando hai algun ouxento artístico que facer?

Entón os galegos acórdanse de Benlliure ou de calquera outro escultor estrafio.

Señores cursis e ridículos que dicdes sintire a Galicia somente cando vedes ocasión de satisfacer a vosa vanidade a custa d'ella, os galeguistas son os únicos que acó poden erguer a fronte sin medo a censuras.

Os galeguistas son os únicos que viven traballando a cotío para facer galegos de corazón nos que a lembranza dos grandes compatriotas acabe tendo un culto perene.

E mentres non haxa isto, os mausoleos e os monumentos pouco importan.

Mentres non haxa aquello, abonda co'as estatuas de Monteiro Ríos e demás benefactores culpables do atraso rexional.

■ ■ ■

Os obreiros socialistas d'Asturias traballan para que o Estado lle conceda a aquela terra un forte poder rexional, logo de se suprimir a Diputación d'Oviedo.

Os obreiros de Córdoba, Sevilla, Granada e outros puntos, fan as suas folgas e manifestacións ó berro de ¡viva Andalucía Libre!

En Galicia, nada.

■ ■ ■

¿Xa se retirou o cacique d'Ortigueira? Como nas comedias dímos que non fal mutis senón medio mutis: é dicir, que fai que se vai... e volve.

Non se retira, non. Xa sabe que na política non hai "crases pasivas".

E namentras a rebeldía de Caríño esmorecendo.

¡Coma xa os engalolaron com'a chinios c'unha estafetal!

Tinográfica Obrera.—Soeiro, 3

— Adeus, Foco.

— Adeus, Xan.

— Pra onde vas.

— Bouche pr'a casa do noso Irmán, A. Gude, a Rua Real, 59, 1.º, a faguerme un traxe d'aqueles qu'él fal fan bos e xellosos.

## Farmacia Europea

— DE —

López Abente

REAL, 5.5

A millor surtida da Cruña e un dos establecimentos da sua crase que mais honran a Galicia. Montada con arrebro ós derradeiros adiantos.

## Obras de Leandro Carré

Contos e diálogos, 60 céntimos.

Tolerías, 50 céntimos.

Pedidas nas boas librerías, ou ao seu autor, San Roque, 6, 2.º, enviando 25 céntimos mais para seren remitidas por correo certificado.

## ASTRERIA

— DE —

## EMILIO MUÑIZ

JTRAXES ULTIMA NOVEDÁ!

N'este acreditado establecemento fanse traxes á medida con arrebro á última moda e a prezos económicos.

ESMERO E PRONTITÚ  
CONTA CON BOA CLIENTELA  
CABALLEROS, 116, BAIXO  
A CRUÑA

## HOTEL CONTINENTAL

Castelar, 8 e Olmos, 28  
O MELLOR SERVIDO

— DE —  
M. Losada Prado  
A CRUÑA

## Os viños e coñas millores

son os qu'elsporta a casa de PEDRO DOMEQ, de Xerez da Fronteira, fundada en 1737. A casa máis antiga de Xerez.

## O vermouth más selecto

de mundial e reconocida sona é o ZINZANO (Torino).

## O Anís do Mono

é un einspréndido licores sin rival

## Pra viños de mesa

non hai outros com'ós dos cosechellos elsportadores Sres. R. LÓPEZ DE HEREDIA (Haro). Casa central: Pazo da Equitativa.—MADRID.

REPRESENTANTE ESCRUTIVO: (matriculado) de todas istas marcas

**José C. Juncosa**

Galera, 39 é 41-2.º piso.—A CRUÑA

Faise carrelo de toda  
cras de traballos grá-  
ficos, en imprenta, litog-  
rafia e fotogramado,  
ansi coma sellos de  
caucho

## A Papeleira Galega

FRÁBICA DE BOLSAS DE PAPEL  
DE TODAS CRAS

FOTOGRAFADO

Teléf. 434

BARREIRA, 7

A CRUÑA

**FRÁBICA MECÁNICA  
:: DE CALZADO ::**

— DE —

**ANXEL SENRA****RÚA XUAN FLÓREZ****Depósito: Cantón Grande, 15****A CRUÑA**

**LA MODERNISTA  
GRAN SALÓN DE BARBEIRIA**

— DE —

**RAMOS E ACEA**San Andrés 94, 1.<sup>o</sup> — A CRUÑA

Estabreclimento de primeiro orde, dotado de estufa de desinfección e todolos aparatos higiénicos. Especialidade en lavabos de cabeza, locios e fríolos de todas clases.


*Nota:* N'este estabreclimento atopará o público un servicio permanente a cargo dos seus propietarios, antigos dependentes das más importantes peluquerías, desta capital.

**LEUTORES:**

Quen queira ter un traxe bóo e xeloso, e que lle coste pouco dñeiro, qu'ó faga na xastaría de

**Xosé Varela**

CIRCO, 16 - BAIXO — VIGO



**GRAN FONDA  
Las Cuatro Naciones**

San Andrés, 102. — A CRUÑA

O novo dono d'ista fonda, no seu desejo de mellorar o trato aos señores viaxeiros, fixo grandes reformas.

Xántase ben, e os precios están ó alcance de todos.

**H. LA PALOMA**

— DE —

**Ramón Morandeira**

Este espréndido establecemento, situado no no mais céntricos da poboación, axeitado á outura dos millores da súa cras, conta con espazosas e alreadas habitazons, boa e abundante mesa, un servizo puntual e esmerado, e asistencia facultativa polo exxerbe e renomado doutor A. Otero.

Fonte de San Antón, 20 — Santiago

**Abonos Químicos Mineraes**

Cementos, Sulfato de cobre, Azufres, Caldo bordelés ROUCH

Rexenerador ROSTTAM pra os animais debiles, pra que as galifas peñan mais hovos, etcétera.

Pídanse prezos e condizós a

Fernández, Fano y C.<sup>a</sup> — A CRUÑA**Consultorio Médico-Quirúrxico****J. Lastres**

Consulta e tratamento d'as enfermedades en general

## ESPECIALIDADES

Piel, (incluso cáncer, lepra, lupus, e úlceras atónicas) — Peito, Estómago, Anemia, Reumatismo, Artritis deformantes, Neuralgias, Arterio-esclorosis, Parálisis

Electroterapia, Aeroterapia, Seroterapia, Análisis

## RAYOS X

Gabinete Iisioterápico: Consultas de 10 a 12] Tratamentos e prezos a horas convencionaes

Non se fai asistencia aos fogares

Praza d'Ourense, 2-1.<sup>o</sup> (esquina a Picavia)

A CRUÑA

**VIÑOS FINOS****RIOXA - MEDOC**

Felipe Ugalde - Haro

Concesionario en Galicia:

**WALDO LOSADA - A CRUÑA**

a nome de quen deben vir os pedidos da Rexión

**Gran H. Universal**

Rúa da Reina (da Raíña), 21 — LUGO

O MÁIS NOVO E O MILLOR

Ten carto de baño moderno. Dispón de teléfono (núm. 116) e de coche da casa pra todolos trens.

O GRAN H. UNIVERSAL merece ser visitado

**COMPAGNIE GENERALE TRASATLANTIQUE**

**VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE***Servicios directo desde o porto da Cruña***LINEA DE HABANA A VERACRUS**

Prezo en terceira à Habana:  
> Veracrus

Ptas. 298'60  
> 313'60

Facilitanse billetes de ferrocarril da Habana a Santiago de Cuba polo prezo de Ptas. 35. Os emigrantes e todolos equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía. Para toda clás d'informos sóbor de datas de saída, prezos do paxase e tipos de flete, dirixirse ó seu Consignatario

**D. Nicandro Fariña**

Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo

NOTA.— Quedan sin efecto todalas tarrxetas de visita, pois non se deixa entrare a bordo.